

GUÍA TURÍSTICA

# DESTINO RIBEIRA



Ribeira  
TURISMO

GUÍA TURÍSTICA

# DESTINO RIBEIRA

BARBANZA AROUSA - GALICIA

Prepárate para os grandes escenarios  
que che esperan...

*descúbreos nesta guía!*





# RIBEIRA

## A CUSTODIA DUNHA CREACIÓN DIVINA: A RÍA DE AROUSA

Se estás a ler isto, é o teu destino!

Ofrecémosche esta guía para que coñezas o mellor de Ribeira, a cidade que custodia a ría de Arousa...

**ACOMPÁÑASNOS?**



### PERO ANTES DEBES SABER ALGO...

Conta a lenda que a ría de Arousa é unha creación divina. Cando Deus creou o mundo, no sétimo día sentou a descansar e cando quixo levantarse apoiou a súa man dereita sobre a lama. Deste xeito, os cinco dedos da man de Deus gravaron sobre aquel campo de lama cinco profundas fendas, que ao retirar a súa enorme man quedaron inmediatamente cubertas pola auga do océano creando así as rías galegas, entre elas a magnífica ría de Arousa, custodiada por Ribeira (ao norte) e O Grove (ao sur).





# COMO CHEGAR A RIBEIRA



E PARA CHEGAR AOS LUGARES RECOMENDADOS NESTA GUÍA, PROPOÑÉMOSE A AXUDA DE GOOGLE MAPS



## EN BARCO

A opción de chegar a Ribeira en barco é unha oportunidade para navegar pola ría máis grande de Galicia, a ría de Arousa. Orientada cara ao SO, está protexida polo arquipélago de Sálvora (Parque Nacional Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia), que fai de barreira natural contra a onda do Atlántico. Con reserva previa, a túa atracada podes facela nas instalacións do Club Náutico de Ribeira.

**+ INFO:** [www.nauticoriveira.com](http://www.nauticoriveira.com)



## EN COCHE OU MOTO

Ribeira está situada na costa oeste da provincia da Coruña e é a capital da comarca do Barbanza (zona norte da ría de Arousa). Podes chegar a Ribeira en coche ou moto, coa liberdade de percorrela comodamente chegando a todos os seus recunchos.



## EN AUTOBÚS

Dende a estación de autobuses de Santiago de Compostela podes chegar a Ribeira na liña Santiago - Ribeira.

**+ INFO:** 981 542 416

## ÍNDICE

# QUE FACER EN RIBEIRA

06

## STARLIGHT

Apunta ao ceo desde o Parque Nacional Marítimo - Terrestre das illas atlánticas de Galicia.

08

## BIRDING

Turismo ornitológico no Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán

10

## CAMIÑO DE SANTIAGO

Todos os Camiños chegan a Compostela

12

## ARQUEOLOXÍA E MONUMENTOS

Pegadas prehistóricas

16

## CARREIROS

Os mellores paseos con encanto

19

## PRAIAS

O concello con máis quilómetros de costa de Galicia

26

## GRANDES ESCENARIOS

Somos moi de película!

33

## MUSEALÍZATE

As catro grandes temáticas expositivas de Ribeira: Arte, etnografía, arqueoloxía e natureza

35

## EVENTOS E GASTRONOMÍA

Sabor a mar e a mellor festa do mundo

38

## EXPERIENCIAS

As mellores razóns para elixir Ribeira

40

## MITOS E LENDAS

Conta a lenda...

44

## CONTACTO

Datos de contacto



## BSO – Escápate a Ribeira

Seleccionamos os mellores temas con ritmo e cor para que a música te acompañe!

Escanea este código premendo na **icona de cámara** dispoñible no **buscador** da túa aplicación de Spotify.





# STARLIGHT

## ILLA DE SÁLVORA

**Starlight** é unha certificación que acredita a aqueles espazos que posúen unha excelente calidade de ceo e representan un exemplo de protección e conservación. Recoñece escenarios que incorporan a observación do firmamento como parte do seu patrimonio natural, paisaxístico, natural ou científico e fomentan á súa vez o “Turismo das Estrelas”.



[www.fundacionstarlight.org](http://www.fundacionstarlight.org)



## APUNTA ÁS ESTRELAS!

En Sálvora, a maxia pódese sentir a plena luz do día. Se antes de caer o sol ves o “raio verde” prepárate para o seu efecto secundario... a boa sorte vaite acompañar ata o infinito e máis aló!



LEMBRA ABRIR O GOOGLE SKY MAPS E APUNTAR AO CEO!

Pero tamén na escuridade da noite as estrelas nos falan. Andrómeda, a Osa Maior, Casiopea, Orión e outras moitas cóntannos a súa historia para que, navegando entre nebulosas, brillamos con toda a súa sabedoría.

Así é Sálvora, unha illa na bocana da ría de Arousa que atesoura grandes historias, segredos e lendas.

## DESCOBRE A ILLA DE SÁLVORA



PARA + INFO

Oficina de Turismo  
de Ribeira  
☎ 981 87 30 07



PARA + INFO

Podes visitar  
[www.turismo.ribeira.gal](http://www.turismo.ribeira.gal)  
ou  
[www.miteco.gob.es/es/red-parques-nacionales/nuestros-parques/islas-atlanticas/](http://www.miteco.gob.es/es/red-parques-nacionales/nuestros-parques/islas-atlanticas/)



## PARQUE NACIONAL MARÍTIMO TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

O Parque Nacional Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia está formado polas illas de Cíes, Ons, Cortegada e Sálvora... pero ollo, o que ves é só o 24% da súa superficie.


O 86% restante atópase baixo o mar!

## O QUE CHE SORPRENDERÁ DE SÁLVORA

### 1 Flora e fauna



### 2 Pazo e capela



### 3 Aldea



### 4 Faro




### 5 O naufraxio do barco vapor Santa Isabel e as heroínas de Sálvora



UN CONTO DE FANTASÍA

## IMAXINAS UNHA SEREA DÁNDOCHE A BENVIDA?

Así é. Mariña, a serea de Sálvora mira para ti en silencio mentres te recibe dende o seu altar lembrándote que entras nun lugar máxico.



Mariña, serea de Sálvora

“SÁLVORA, UN SANTUARIO ESTELAR CUSTODIADO POR MARIÑA”

O TITANIC GALEGO



?

Conta a lenda que baixo esta gran duna está enterrada a antiga cidade de Valverde, que nos lembra a lendaria cidade da Atlántida.

Visitable todo o ano.

Pasear polos diferentes carreiros do parque é marabilloso!



Duna de Corrubedo



Lagoa de Vixán

#### • APPS DE INTERESE •



#### GALICIA BIRDING

Descárgate a app Galicia Birding e non esquezas os teus prismáticos!

TURISMO ORNITOLÓXICO



# BIRDING

OS MELLORES LUGARES PARA OBSERVAR AVES

As zonas asolagadas son dunha grande importancia internacional ornitolóxica debido ao paso de aves que aniñan no lugar.

O observatorio da lagoa de Vixán é o lugar idóneo para os amantes da ornitología.

ASÍ É A DUNA MÓBIL ¡MÁIS GRANDE DO NOROESTE DE ESPAÑA!

Un xigante de area que se move lentamente impulsado polos ventos do suroeste sen que nos deamos conta.

## PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN

O enorme valor natural e paisaxístico do Parque Natural de case 1.000 hectáreas fai que nos namoremos del a primeira vista. É un excelente exemplo de complexo de barra-litoral, que acolle unha gran variedade de hábitats diferentes en bo estado de conservación e cun impresionante sistema de dunas que se formou hai máis de 12.000 anos.



#### • O QUE NON DEBES PERDERTE •

### O MÁIS TOP DO PARQUE

1 En menos de mil hectáreas de superficie, este Parque Natural posúe a duna móbil máis grande do noroeste peninsular. O conxunto xeolóxico do Parque Natural formouse fai uns 12.000 anos, no Cuaternario, época na que desapareceron os mamuts e mastodontes e desenvolvéronse os humanos anatomicamente modernos.

2 Visitar as dúas lagoas do Parque, moi distintas entre si: unha de auga doce (Vixán) e

outra salobre (Carregal). Estas extensas zonas asolagadas constitúen zonas húmidas de importancia internacional no paso de aves migratorias que aniñan temporalmente no lugar. Na lagoa de Vixán hai un observatorio de aves.

3 Subir ao miradoiro da Pedra da Ra para ter unha perspectiva de todo o Parque Natural e de varias illas do Parque Nacional Marítimo - Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.



### RED NATURA 2000

- LIC Lugar de Interés Comunitario
- ZEPA Zona Especial de Protección para as Aves
- ZEC Zona Especial de Conservación

## NORMAS

- 1 Deixa o vehículo nos aparcadoiros habilitados.
- 2 Non leves mascotas.
- 3 Arrincar flores e plantas está prohibido, e de facelo pónense en perigo especies singulares.
- 4 Non molestes a fauna, non fagas ruído.
- 5 Infórmate dos permisos necesarios para acceder ao Parque ou para facer calquera ruta.
- 6 Planifica con detalle a túa visita, sobre todo se vas en grupo, e equípate convenientemente.
- 7 Antes de facer unha ruta, comproba a dificultade e o tempo que debes investir.
- 8 Camiña polos carreiros habilitados.
- 9 En moitos dos parques naturais organízanse visitas guiadas gratuítas; chama antes.
- 10 Leva o móbil sempre coa batería cargada.
- 11 Respecta a sinalización.



PARA + INFO

Contacto do Parque  
☎ 881 86 76 45



### ESPACIO RAMSAR

Un espazo Ramsar é unha distinción que outorga a UNESCO ás zonas húmidas máis importantes do mundo desde o punto de vista do seu interese ecolóxico e para a conservación da biodiversidade. Son zonas que tamén proporcionan un hábitat ás aves acuáticas.





.....

## OS RESTOS DO APÓSTOLO SANTIAGO Á CIDADE QUE HOJE LEVA O SEU NOME?

O nome deste camiño a Santiago fundaméntase neste relato e así conta que o corpo de Santiago o Maior foi traído desde Palestina polos seus discípulos Teodoro e Atanasio nunha barca guiada pola providencia chegou a Galicia, e a través da ría de Arousa remontou o río Ulla ata chegar a Iria Flavia, e dende alí ata onde hoxe descansa en Compostela.

Iniciando o percorrido no faro de Corrubedo, tes ao redor de 130 km divididos en 6 etapas, que te guiarán ata o faro da Berenguela que alumea a Catedral, onde se garda o Sepulcro do Apóstolo Santiago.

**INTRÍGACHE A ORIXE DA  
TRADICIÓN XACOEBA?...  
NON DEIXES PASAR ESTA  
OPORTUNIDADE!**

## ETAPA 1

 **ETAPA 2**

### ETAPA 3

## ETAPA 4

 **ETAPA 5**

## ETAPA 6

## Padrón - Santiago






# ARQUEOLOXÍA E MONUMENTOS

OS MORADORES QUE DEIXARON  
PEGADAS VISIBLES EN RIBEIRA

## BIC (BIEN DE INTERESES CULTURAL)

Figura xurídica de protección e distinción máxima que, debido á súa importancia, se lle outorga a un inmovible e obxecto mobile de interese artístico, histórico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico.



## PREHISTORIA

**PREHISTORIA É O PERÍODO DA VIDA HUMANA ANTERIOR AOS DOCUMENTOS ESCRITOS.**

Abarca dende a aparición do primeiro ser humano ata a invención da escritura (na Idade dos Metais). As etapas da Prehistoria que deixaron pegada na nosa comarca, O Barbanza, son: o Neolítico e a Idade dos Metais (a Idade de Bronce e a Idade de Ferro).



### 1 MEGALITISMO

No Neolítico sitúase este fenómeno coñecido pola construción de monumentos con grandes pedras ou megálitos (hai máis de 6.000 anos).

Monumentos megalíticos, podes atopalos en Ribeira, como o **Dolmen de Axeitos**, un dos monumentos funerarios máis destacados de Galicia, coñecido como o Partenón do megalitismo galego.

Pero tamén os menhires (tamén coñecidos como pedras fincadas) son propios deste fenómeno... en Bretal, no xardín dunha vivenda, atópase o **Menhir de Cristal**.



### 2 ARTE RUPESTRE

Manifestación artística que se sitúa na Idade de Bronce e refírese ás pinturas e gravados prehistóricos existentes en covas, abrigos e lugares ao aire libre.

Hai máis de 4 000 anos, na Idade de Bronce (período da Prehistoria no que comezaron a utilizarse ferramentas de bronce), os nosos antepasados gravaron nunha gran rocha granítica dúas imaxes que se interpretan como dous cervos novos. Hoxe coñécese como **A Pedra das Cabras**.



### 3 CULTURA CASTREÑA

É a manifestación cultural da Idade de Ferro (hai máis de 2.500 anos) que se asocia aos celtas e caracterízase polos poboados fortificados tamén coñecidos como castros. No monte da Cidá, a 200m da Pedra da Ra, podes visitar o **Castro da Cidá**.

#### TIPOS DE CASTROS

- CASTROS DE INTERIOR**  
Son os máis frecuentes e están situados en outeiros ou elevacións prominentes.
- CASTROS DE MONTAÑA**  
Situados en zonas montañosas altas.
- CASTROS COSTEROS**  
Situados á beira do mar.

**QUE BEN SABÍAN ELIXIR OS NOSOS ANTEPASADOS! VAIA VISTAS!**





Localización: **Palmeira**

## PEDRA DAS CABRAS

UN GRABADO EN MOVEMENTO

Con máis de 4 000 anos de antigüidade a forma dos gravados aseméllase a unha especie de cervos da época. Resulta curioso que os animais estean debuxados con seis patas en vez de catro, o que podería supoñer un intento de representar as figuras en movemento.



Localización: **Ribeira**

## CASTRO DA CIDÁ

A HERDANZA CELTA

Este sitio tan estratéxico e privilexiado foi elixido hai máis de 2 500 anos polos celtas para establecer a súa comunidade castrexa.

Na zona máis alta do castro, preto do punto xeodésico, pódese ver unha gran rocha con varias canles que probablemente teñan un pasado sacro e ritual.



O dolmen de Axeitos alberga nas súas pedras as antigas memorias comunais e de respecto á natureza dos nosos devanceiros.

Localización: **Axeitos**

## DOLMEN DE AXEITOS

O PARTENÓN DO MEGALITISMO GALEGO

Monumento BIC

Conta a lenda que entre o dolmen de Axeitos e “a Pía do Frade”escóndese un tesouro.

O ceo foi a guía da humanidade durante séculos e no Neolítico tamén. A posición da Lúa e o Sol determinaba os comportamentos dos nosos devanceiros. Do mesmo xeito, a construción dos dolmens/antas determinou a súa orientación celeste. O dolmen de Axeitos ten a orientación habitual dos dolmens europeos, que posibilita a entrada do sol polo seu corredor nos equinoccios.

Hai que lembrar que orixinalmente os dolmens estaban enterrados cubertos por un túmulo de terra, o que se coñece en Galicia como mámoa.

Cando observamos a paisaxe, vemos claramente que estes túmulos simulan un embarazo da Terra, por exemplo o túmulo de Pipín localizado no Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán, visible desde a pasarela de acceso á praia de O Vilar.



Localización: **Couso - Aguiño**

## CASTRO DE PORTO BAIXO

FOI DESCUBERTO NO ANO 1.978

Atópase na parte sur do Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán. Segundo os expertos, este poboado posiblemente estivo habitado entre os séculos IV e o II antes da nosa era. Aínda sen escavar, o único visible é unha pequena parte da muralla.



AOS MONUMENTOS MEGALÍTICOS TAMÉN SE LLES ATRIBÚE A CELEBRACIÓN DE RITUAIS SAGRADOS COMO PODE SER A RODA DO ANO, UN CALENDARIO PAGÁN QUE MARCA E CELEBRA O CICLO DAS ESTACIÓNS.

Localización: **Olveira**

## MENHIR DE CRISTAL

REPRESENTACIÓN VISIBLE DO INVISIBLE

Monumento BIC

Os menhires son monólitos que incitan a diversas interpretacións.

Crese que poden ser símbolos funerarios protectores dos dolmens, de monumentos dedicados ao sol, de oráculos, ou de símbolos de fertilidade e rexeneración. Sexa cal fora a súa interpretación os menhires teñen unha característica moi particular... están conectados á terra e ascenden cara ao cosmos, como tributo ás divindades.

Localización: **Corrubedo, á beira da E.D.A.R.**

## PEDRA DE SANTIAGUIÑO

A PEGADA DO CABALO BRANCO DO APÓSTOLO

Esta mitolóxica pedra ten unha significativa inscrición. Trátase dun petróglifo que parece representar unha serpe, unha pegada dun cabalo e unha espada.

As interpretacións son variadas pero a tradición oral e o paso do Camiño a Santiago “A Orixe”, poñen de manifesto o vínculo destes gravados coa tradición Xacobeá.

→ Consulta a sección Cápsulas do tempo. Páx. 40.



## O MÁIS ALÁ E A XEOMETRÍA CÓSMICA

“Platón describiu a xeometría como un método para dirixir a alma cara ao ser eterno [...]”

O denominador común da xeometría dos monumentos funerarios alude a unha simboloxía que abarca múltiples culturas de todo o planeta.

i

A pedra como símbolo da permanencia, a eternidade, o poder divino e a orixe do mundo.

ii

Representación do espazo sacro protector do mundo do máis alá recubrendo os monumentos con túmulos de terra e cascallo creando un anel tumular (crómlech).

iii

Unha porta de acceso que marca o tránsito irreversible cara a unha nova existencia.

iv

E un corredor cara á cámara que demostra a dificultade do paso do defunto desde a vida física ata chegar á morada espiritual.





# CARREIROS

PREPARA A TÚA MOCHILA E VAMOS DE RUTA!

A natureza é unha máxima en Ribeira. Paisaxes de ría e mar aberto, ríos e lagoas, bosques de ribeira e paseos máxicos que vas querer coñecer...



## PASEO LITORAL DE COROSO A RÍO AZOR

| INICIO                                                                              | DISTANCIA                                                                                  | DIFICULTADE                                                                                 | PERCORRIDO                                                                                   | FIN                                                                                   |
|-------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|  |  2,2 km |  Baixa |  Lineal |  |

Paseo marítimo que percorre a praia urbana de Coroso ata o recolleito areal de Río Azor. É unha zona moi transitada, con áreas recreativas e deportivas para menores e adultos, servizos de restauración e carril bici. No horizonte destaca a illa de Rúa e, máis próxima, a pequena illa dos Ratos.

### CARREIRO AZUL

Os Carreiros Azuis son itinerarios que enlazan, atravesan ou parten de praias, portos ou centros de interpretación que foron galardoados coa Bandeira Azul. Os carreiros azuis axudan a poñer en valor espazos de interese natural, cultural e patrimonial próximos ao litoral. En España hai máis de 60 carreiros sostíbles repartidos por toda a nosa costa, cada un coa súa propia personalidade



## PASEO LITORAL DO FARO AO PORTO DE CORRUBEDO

| INICIO                                                                              | DISTANCIA                                                                                  | DIFICULTADE                                                                               | PERCORRIDO                                                                                 | FIN                                                                                 |
|-------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|
|  |  2,1 km |  Baixa |  Lineal |  |

Senda que forma parte da primeira etapa do Camiño de Santiago “A Orixé”. Iniciando no faro de Corrubedo e continuando a sinalización de “A Orixé” bordéase a costa camiñando por un enclave con vistas ao Océano Atlántico e a unha paisaxe formada por pequenos cantís e mar salvaxe. A camiñada acaba no porto de Corrubedo.



## SENDA FLUVIAL DO RÍO DE ARTES

| INICIO                                                                              | DISTANCIA                                                                                | DIFICULTADE                                                                                     | PERCORRIDO                                                                                 | FIN                                                                                 |
|-------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|
|  |  8 km |  Baixa/Media |  Lineal |  |

Coñecido tamén como río Sanchanás. Camiño que percorre parte do curso do río Artes ata chegar aos pés da serra do Barbanza. O itinerario está salpicado de importantes mostras do patrimonio etnográfico galego como muíños de auga e os lavadoiros de Portochouzo e do río Artes, este último rehabilitado polo arquitecto Carlos Seoane.



## CAMIÑOS DO PARQUE NATURAL DO COMPLEXO DUNAR DE CORRUBEDO E LAGOAS DE CARREGAL E VIXÁN

| CAMIÑO             | DISTANCIA                                                                                    | PERCORRIDO                                                                                     |
|--------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Ruta do Vento      |  1,5 km |  Lineal   |
| Ruta do Río do Mar |  3 km   |  Lineal   |
| Ruta da Gandarela  |  3,5 km |  Circular |
| Ruta da Auga       |  3-4 km |  Circular |
| Ruta da Praia      |  1,5 km |  Circular |

| INFORMACIÓN                                                                           | DIFICULTADE                                                                                 |
|---------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|
|  |  Baixa |

Cinco carreiros naturais para coñecer camiñando os principais recursos do Parque: a gran duna, a desembocadura do Río do Mar, a Praia do Vilar e as Lagoas de Carregal e Vixán. Diferente e variado patrimonio cultural escondido asómase en cada unha destes roteiros. A rede de carreiros foi deseñada para percorrer o espazo sen invadir as zonas onde habitan as especies protexidas de flora e fauna.





### CAMIÑOS DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

| INFORMACIÓN                                                                       | DISTANCIA                                                                                                                        | DIFICULTADE                                                                                | PERCORRIDO                                                                                  |
|-----------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|
|  | <br>Ruta faro<br>1,2 km<br>Ruta aldea<br>1,7 km | <br>Baixa | <br>Lineal |

Dous roteiros permiten percorrer a Illa de Sálvora: o Roteiro do Faro, que vira ao redor das lendas do arquipélago e a historia do afundimento do barco-vapor Santa Isabel; e o Roteiro da Aldea, que descobre a historia do pobo abandonado e a etnografía que o rodea. Este último camiño só se pode facer con guía autorizado/a. Para acceder á illa é necesario reservar con antelación a travesía en barco.



### PASEO LITORAL DE O CARREIRO, O CASTRO E A CATÍA

| INICIO                                                                              | DISTANCIA                                                                                   | DIFICULTADE                                                                                  | PERCORRIDO                                                                                    | FIN                                                                                 |
|-------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|
|  | <br>2 km | <br>Baixa | <br>Lineal |  |

Paseo que se inicia no espigón rochoso do Carreiro (Aguíño) e percorre sobre pasarelas de madeira as praias da Catía e O Castro. O final do itinerario conduce á área deportiva do Castro (Castiñeiras), un miradoiro con vistas ao arquipélago de Sálvora e ás últimas bateas instaladas na ría de Arousa.



### PASEO LITORAL DO PORTO DE AGUIÑO A PUNTA COUSO

| INICIO                                                                            | DISTANCIA                                                                                   | DIFICULTADE                                                                                  | PERCORRIDO                                                                                    | FIN                                                                                 |
|-----------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|
|  | <br>1,6 km | <br>Baixa | <br>Lineal |  |

Unha senda para gozar plenamente da natureza, do mar e da historia. Iníciase na zona portuaria de Aguiño, pasando polo Porto Fenicio da Covasa, ata chegar ao Miradoiro de Couso. Camiños de terra e pasarelas de madeira van guiando un percorrido marcado por unha paisaxe costeira no que destacan o Arquipélago de Sálvora e a entrada da ría de Arousa.



### PASEO LITORAL DO TOURO ATA A AMEIXIDA

| INICIO                                                                              | DISTANCIA                                                                                     | DIFICULTADE                                                                                    | PERCORRIDO                                                                                      | FIN                                                                                   |
|-------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|
|  | <br>1,8 km | <br>Baixa | <br>Lineal |  |

Ribeira e A Ameixida (Castiñeiras) únense a través deste percorrido no que se poden ver algúns dos areais con máis encanto do municipio: Fontán, O Touro, A Furna, Area Secada e A Ameixida. O último tramo realízase por pasarelas de madeira sobre unha paisaxe rochosa de gran valor natural. As dornas, embarcación tradicional das Rías Baixas, varadas e ancoradas nas praias embelecen as vistas á costa.

# QUE PRACER AS PRAIAS DE RIBEIRA!

**PERO QUE BOAS PRAIAS! A CORNA, COROSO, O CASTRO - A CATÍA, O VILAR, A LADEIRA...**

Un dato curioso é que Ribeira é o concello de Galicia con máis quilómetros de costa, o que supón que podes gozar da praia, surfear, pasear ou... por que non? Liberar #estrés e relaxarte cunha sesión de talasoterapia gratuíta.



## LEMBRA!

- Respecta as zonas balizadas para o baño e as zonas acoutadas para a nidificación de especies animais.
- Non deixes residuos.



# PRAIA DA LADEIRA

Situada na parte máis atlántica de Ribeira é a continuación da praia do Vilar. Dende ela apréciase a gran duna.

| LONXITUDE                 | SERVIZOS                            |
|---------------------------|-------------------------------------|
| 1.350m                    | • Módulo de servizo adaptado: aseos |
| ANCHURA MEDIA             | • Servizo de limpeza                |
| 40m                       | • Papeleiras                        |
| ONDADA                    | • Posto de socorro                  |
| Moderado                  | • Sinalización                      |
| TIPO DE AREA              | • Zona de fondeo                    |
| Branca e fina             |                                     |
| ACCESO                    |                                     |
| Peatonal                  |                                     |
| OCUPACIÓN TEMPADA ESTIVAL |                                     |
| Alta                      |                                     |



MIRA PROFUNDAMENTE NA NATUREZA E ENTÓN COMPRENDERÁS TODO MELLOR.”  
– ALBERT EINSTEIN

# PRAIA DE COROSO



É unha das praias situada na ría de Arousa e a praia urbana de Ribeira por excelencia. Conta cun fantástico paseo marítimo con vistas á ría de Arousa.

| LONXITUDE                 | SERVIZOS                                                                                      |
|---------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1.750m                    | • Auga potable                                                                                |
| ANCHURA MEDIA             | • Aseos                                                                                       |
| 20m                       | • Bar                                                                                         |
| ONDADA                    | • Deportes náuticos                                                                           |
| Débil                     | • Duchas                                                                                      |
| TIPO DE AREA              | • Módulo de servizo adaptado: aparcadoiro, aseos, cadeiras e muletas anfibias, zona de sombra |
| Branca e gran medio       | • Papeleiras                                                                                  |
| ACCESO                    | • Posto de socorro                                                                            |
| Peonil, coche ou autobús  | • Sinalización                                                                                |
| OCUPACIÓN TEMPADA ESTIVAL | • Servizo de limpeza                                                                          |
| Alta                      | • Zona de fondeo                                                                              |




# PRAIA DO VILAR

De aspecto virxe e salvaxe, O Vilar, xunto coa Ladeira, é o areal do Parque Natural do Complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán e a máis longa de Ribeira (3,5 km). Hai que lembrar que é unha praia de mar aberto polo que debes ter coidado coas correntes e a resaca forte.

| LONXITUDE                          | ACCESO                    | • Módulo de servizo adaptado: aparcadoiro e aseos |
|------------------------------------|---------------------------|---------------------------------------------------|
| 3500m (xunto coa praia da Ladeira) | Peonil o coche            | • Servizo de limpeza                              |
| ANCHURA MEDIA                      | OCUPACIÓN TEMPADA ESTIVAL | • Papeleiras                                      |
| 40m                                | Alta                      | • Posto de socorro                                |
| ONDADA                             | SERVIZOS                  | • Sinalización                                    |
| Fuerte                             | • Auga potable            |                                                   |
| TIPO DE AREA                       | • Aseos                   |                                                   |
| Branca e fina                      | • Aparcamento             |                                                   |
|                                    | • Bar                     |                                                   |
|                                    | • Duchas                  |                                                   |







**PRAIA DA CORNA**

Esta praia con forma de enseada atópase no núcleo urbano de Palmeira e está rodeada por un amplo campo de dunas, considerado o mellor conservado da ría de Arousa, con vexetación propia dos ecosistemas costeiros. Nela desemboca o río Esteirón, que actúa como fronteira co municipio veciño da Pobra do Caramiñal.

|                      |                     |                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
|----------------------|---------------------|----------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>LONXITUDE</b>     | 1.500m              | <b>OCUPACIÓN TEMPADA ESTIVAL</b> | Alta                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                     |
| <b>ANCHURA MEDIA</b> | 12m                 | <b>SERVIZOS</b>                  | <ul style="list-style-type: none"><li>• Auga potable</li><li>• Aseos</li><li>• Aparcadoiro</li><li>• Bar</li><li>• Limpeza</li><li>• Accesibilidade persoas con mobilidade reducida</li><li>• Sinalización</li><li>• Aseos persoas con mobilidade reducida</li><li>• Duchas</li><li>• Equipo de Salvamento</li><li>• Posto de socorro</li><li>• Papeleiras</li><li>• Zona de fondeo</li><li>• Cadeiras anfibas</li></ul> |
| <b>ONDADA</b>        | Tranquilo           |                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| <b>TIPO DE AREA</b>  | Branca e grano fino |                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| <b>ACCESO</b>        | Peonil o coche      |                                  |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                          |

ASÍ SON AS PRAIAS DE RIBEIRA. PRAIAS DE RÍA OU DE MAR ABERTO, PARA GOZAR CALQUERA DÍA DO ANO, OU COMO ADOITA DICIRSE: 24-7!!



**PRAIA DO CASTRO**

O Castro e A Catía forman xuntas un precioso areal resgardado de area branca e fina no núcleo de Aguiño, no lugar onde a ría de Arousa se encontra co Océano Atlántico. A pesar de ser unha praia con vento, as súas augas adoitan ser tranquilas e adecuadas para o baño. A zona é moi recomendable para practicar pesca submarina, pesca con cana ou windsurf.

|                                  |                  |                 |                                                                                                                                                                                                                                                                  |
|----------------------------------|------------------|-----------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>LONXITUDE</b>                 | 1.250m           | <b>SERVIZOS</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>• Auga potable</li><li>• Aseos</li><li>• Aparcadoiro</li><li>• Bar</li><li>• Duchas</li><li>• Posto de socorro</li><li>• Papeleiras</li><li>• Sinalización</li><li>• Servizo de limpeza</li><li>• Zona de fondeo</li></ul> |
| <b>ANCHURA MEDIA</b>             | 15m              |                 |                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| <b>ONDADA</b>                    | Tranquilo        |                 |                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| <b>TIPO DE AREA</b>              | Blanca y fina    |                 |                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| <b>ACCESO</b>                    | Peatonal o coche |                 |                                                                                                                                                                                                                                                                  |
| <b>OCUPACIÓN TEMPADA ESTIVAL</b> | Alta             |                 |                                                                                                                                                                                                                                                                  |

**PRAIA DE CASTIÑEIRAS**

Atópase no núcleo de Castiñeiras, cun embarcadoiro nun dos seus extremos e paseo marítimo con vista panorámica da ría de Arousa. A praia está bastante protexida e as súas augas son tranquilas para o baño. Este areal é recomendable para a práctica de pesca submarina e pesca con cana pola riqueza dos seus fondos.

|                                  |                 |                 |                                                                                                                                                                                                                                                                   |
|----------------------------------|-----------------|-----------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>LONXITUDE</b>                 | 485m            | <b>SERVIZOS</b> | <ul style="list-style-type: none"><li>• Auga potable</li><li>• Aseos</li><li>• Aparcadoiros</li><li>• Bar</li><li>• Duchas</li><li>• Posto de socorro</li><li>• Papeleiras</li><li>• Sinalización</li><li>• Servizo de limpeza</li><li>• Zona de fondeo</li></ul> |
| <b>ANCHURA MEDIA</b>             | 20m             |                 |                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| <b>ONDADA</b>                    | Tranquila       |                 |                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| <b>TIPO DE AREA</b>              | Branca e fina   |                 |                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| <b>ACCESO</b>                    | Peonil ou coche |                 |                                                                                                                                                                                                                                                                   |
| <b>OCUPACIÓN TEMPADA ESTIVAL</b> | Media           |                 |                                                                                                                                                                                                                                                                   |



## PRAIA DO PRADO

Praia de contorna urbana no sur de Corrubedo. Con forma de enseada, a metade do areal está resgardada polas casas da vila e a outra parte conta con vexetación baixa e un antigo secadoiro de peixe.


|                      |                                  |
|----------------------|----------------------------------|
| <b>LONGITUD</b>      | <b>OCUPACIÓN TEMPADA ESTIVAL</b> |
| 270m                 | Tranquila                        |
| <b>ANCHURA MEDIA</b> | <b>SERVICIOS</b>                 |
| 25m                  | • Papeleiras                     |
| <b>ONDADA</b>        | • Servizo de limpeza             |
| Poco                 | • Zona de fondeo                 |
| <b>TIPO DE AREA</b>  |                                  |
| Branca e fina        |                                  |
| <b>ACCESO</b>        |                                  |
| Peonil               |                                  |



## PRAIA DO TOURO

A diferenza da maioría das praias de Ribeira, a do Touro é de area gorda e dourada, cunha contorna rochosa e protexida, e cunha boa panorámica da ría. As súas augas son bastante tranquilas e boas para o baño.

|                                  |                      |
|----------------------------------|----------------------|
| <b>LONXITUDE</b>                 | <b>SERVIZOS</b>      |
| 10 - 20m                         | • Aparcadoiro        |
| <b>ANCHURA MEDIA</b>             | • Aseos              |
| 10m                              | • Bar                |
| <b>ONDADA</b>                    | • Duchas             |
| Débil                            | • Servizo de limpeza |
| <b>TIPO DE AREA</b>              | • Papeleiras         |
| Dorada y gorda                   | • Posto de socorro   |
| <b>ACCESO</b>                    | • Zona de fondeo     |
| Peatonal o coche                 |                      |
| <b>OCUPACIÓN TEMPADA ESTIVAL</b> |                      |
| Alta                             |                      |



## PRAIA DE RÍO AZOR

Este areal de contorna virxe está situado na parroquia de Palmeira. Dende aquí poderemos gozar dunhas fantásticas vistas da ría de Arousa e dalgunhas das súas illas.


|                                  |                      |
|----------------------------------|----------------------|
| <b>LONXITUDE</b>                 | <b>SERVIZOS</b>      |
| 145m                             | • Aparcadoiro        |
| <b>ANCHURA MEDIA</b>             | • Aseos              |
| 15m                              | • Bar                |
| <b>ONDADA</b>                    | • Duchas             |
| Poco                             | • Servizo de limpeza |
| <b>TIPO DE AREA</b>              | • Papeleiras         |
| Dourada e gorda                  | • Posto de socorro   |
| <b>ACCESO</b>                    |                      |
| Peonil ou coche                  |                      |
| <b>OCUPACIÓN TEMPADA ESTIVAL</b> |                      |
| Alta                             |                      |



## PRAIA DA AMEIXIDA

No pequeno porto da Ameixida esta praia ofrece unha estampa pintoresca e tradicionalmente mariñeira. Nun dos seus laterais conta cun pequeno embarcadoiro e as dornas salpican toda a escena.

|                                  |                      |
|----------------------------------|----------------------|
| <b>LONXITUDE</b>                 | <b>SERVIZOS</b>      |
| 200m                             | • Aparcamento        |
| <b>ANCHURA MEDIA</b>             | • Aseos              |
| 15m                              | • Bar                |
| <b>ONDADA</b>                    | • Duchas             |
| Tranquila                        | • Servizo de limpeza |
| <b>TIPO DE AREA</b>              | • Papeleiras         |
| Branca e fina                    | • Posto de socorro   |
| <b>ACCESO</b>                    |                      |
| Peonil ou coche                  |                      |
| <b>OCUPACIÓN TEMPADA ESTIVAL</b> |                      |
| Media                            |                      |



... e moitas máis! Pérdete e atopa a que máis che guste.



# GRANDES ESCENARIOS

ISTO NON É HOLLYWOOD... SUPÉRAO!

A medida que coñezas Ribeira identificarás os grandes estudos naturais que elixiron directores de cine como Amenábar ou Calparsoro e nos que se rodaron series como “Fariña”, “Vivir sen permiso”, “Operación Marea Negra” pero tamén longametraxes como “A illa das mentiras”, “Sica” e outras moitas pezas da ficción española.

## RIBEIRA ESTÁ DE CINE!

Verdadeiros escenarios de película nos portos de Corrubedo, de Aguiño, de Palmeira, na illa de Sálvora ou no faro que mira cara a América dende a punta do cabo Corrubedo.



DESENFUNDA A CÁMARA!  
CO MÓBIL, RÉFLEX, ANALÓXICA,  
COMPACTA, SEN ESPELLO...  
DÁ IGUAL! FAI CLIC!



## A GRAN DUNA

– A IMPARABLE RAÍÑA DE AREA QUE ACUBILLA O OCÉANO ATLÁNTICO...

Este xigante de area imparabile tras os seus 20 metros de altura, 1 km de lonxitude e 250m de ancho oculta o océano Atlántico. Pero semellante porte pode esconder algo máis... un segredo a voces do que non pode escapar ninguén que chegue a escoitalo. A cidade sepulta de Valverde. Non deixes de ler a sección de mitos e lendas.

Gozar desta magnificencia natural non ten prezo!

### • LEMBRA •

- 1 Deixa o teu coche nas zonas de aparcadoiro habilitadas.
- 2 Non se pode acceder con mascotas.
- 3 Observa a súa flora, non a arranques.
- 4 Mantén o silencio.
- 5 Sé responsable cos residuos que poidas xerar.
- 6 Non se permite acampada libre nin pasar a noite en autocaravana.



Unha das películas rodadas nesta localización: “Sica” ten como protagonista a actriz Thais García e está dirixida por Carla Subirana.



## PORTO DE RIBEIRA

– UN PORTO LÍDER EN EUROPA

Uno dos máis importantes de España en pesca de baixura. Grazas á actividade pesqueira, a descarga e a comercialización de peixe e marisco, o porto de Ribeira está considerado un dos máis importantes de Europa.

Unha das series rodadas nesta localización: “Operación Marea Negra” ten como protagonista o actor \*Álex González e está dirixida por Daniel Carpsolo.



## GRIP

– UNHA OBRA DE ARTE QUE NACE CADA 12H

Grazas ao arquitecto David Chipperfield a creación de Antony Gormley, un dos nomes propios da escultura inglesa a nivel mundial, GRIP loce na praia das Furnas en Corrubedo. Con varios irmáns polo mundo, GRIP ten unha particularidade... emerxe e mergúllase coas mareas!



## CORRUBEDO

– A MAR DE VALLE-INCLÁN

Todo en Corrubedo ten imaxe de postal. Tamén a pequena vila mariñeira. A súa historia é unha máis das moitas que salpican a costa galega sobre o peso da actividade pesqueira e de industrias auxiliares como a da salgadura. Pero aquí a excepcional contorna permitiu enriquecer o topónimo de forma exponencial. Rúas, casas típicas e porto conservan a esencia da poboación tradicional mariñeira galega.

Máis aló, na punta do cabo, no extremo máis occidental da península, emerxe poderoso o emblemático faro de Corrubedo.

A forza do mar de Corrubedo tamén ten o seu papel principal na obra dun universal escritor...

“Nai do Señor, como a miña tía vai poñer de remontada! A mar de Corrubedo!”  
— Divinas Palabras, Ramón María del Valle-Inclán.

“Esta noite non deixou de oírse a mar de Corrubedo”.

— Comedias Bárbaras: Romance de Lobos, Ramón María del Valle-Inclán.



“Ronca Corrubedo, marinero  
ponte quieto”  
– Refranero popular

Unha das películas rodadas nesta localización: “Sinbad” ten como protagonista o actor Manuel Oliveira (Pico) e está dirixida por Antón Dobao





## PALMEIRA

### – UNHA FORTALEZA DA MITRA COMPOSTELÁ

Para contemplar a estampa de Palmeira animámoste a subir ao miradoiro do Castelo (situado no porto). Dende este miradoiro tes a panorámica da fachada marítima de Palmeira e da ría de Arousa. Este é un lugar estratéxico que xa se usaba como fortaleza en tempos pasados, servía como lugar de pago de tributos a Compostela e tiña unha pequena dotación de soldados que miraban polos intereses económicos que producía o pequeno porto de Palmeira, pero tamén defendían o acceso ao sepulcro do Apóstolo Santiago dos corsarios e piratas que chegaban por mar.

*“En Palmeira bébese caña pola cuncha de vieira”*  
– Refraneiro popular

Unha das películas rodadas nesta localización: “Mar dentro”, ten como protagonista o actor Javier Bardem e está dirixida por Alejandro Amenábar.

## AGUIÑO

### – TERRA DO PERCEBE E DE FENICIOS

Aguiño é terra de mariñeiros curtidos na extracción do percebe, un tesouro culinario irresistible. O percebe de Aguiño é un dos crustáceos máis recoñecidos na gastronomía galega. Unha recomendación é que participes na súa exaltación na Festa do Percebe de Aguiño (Festa de Interese Turístico de Galicia) que se celebra entre finais de xullo e principios de agosto.

Pero Aguiño tamén ten algo que non podes deixar de coñecer... o seu “Peirao Fenicio”, coñecido tamén como o “Peirao da Covasa”. Unha construción cunha orixe e utilidade pouco clara. Hai quen considera que se trata dun peirao romano utilizado en século VII a.C. para o comercio e intercambio cos pobos do Mediterráneo; pero tamén se di que pode tratarse dunha construción que no século XVIII os cataláns aproveitaron para a explotación dos recursos mariños, coñecida como a industria de salgadura que deu lugar á puxante industria conserveira de hoxe en día.



Unha das series rodadas nesta localización: “Operación Marea Negra” ten como protagonista o actor \*Álex González e está dirixida por Daniel Carparsolo

## FARO DE CORRUBEDO

### – UN SINAL NO MAR

Os faros son guías luminosas utilizadas polos mariñeiros para orientarse na noite e a torre de sirenas son os sinais sonoros que os guía nos días de néboa.

Este sinal sonoro emítese por uns grandes ocos dispostos ao longo da torre que se atopa moi preto do faro, pero debido aos avances tecnolóxicos, a torre de sirenas está en desuso.

O faro terminou de construírse en 1853 e poucos saben que en 1867, o faro de Corrubedo exhibiuse como unha das marabillas do mundo na Exposición Universal de París, en Champ de Mars, inaugurada polo matrimonio imperial de Napoleón III e Eugenia de Montijo.

Este é un dos lugares elixidos por diferentes directores de cine de moitas afamadas creacións audiovisuais pero tamén polos amantes da natureza salvaxe. Os días de temporal é un lugar privilexiado para instantáneas únicas!



Unha das series rodadas nesta localización: “Fariña” dirixida por Carlos Sedes.



Fotografía: Hector Santos Díez

## LAVADOIROS

### – UN ESPAZO EXCLUSIVO

As mulleres ían lavar a roupa, en moitas ocasións para a súa familia e para a casa onde traballaban.

O lavadoiro foi o espazo da muller e en certo sentido tamén un espazo de liberación, porque era o lugar onde se podían expresar de forma libre entre elas.

Mentres lavaban, conversaban sobre a familia, problemas, murmuracións, e moito máis. Era un lugar no que a información das aldeas e parroquias circulaba como a corrente de auga que chegaba ao lavadoiro.

Hoxe os lavadoiros son lugares dun valor singular en canto ao patrimonio inmaterial que nos ofrecen e un punto de encontro entre pasado, presente e futuro.

**RECOMENDÁMOSCHE VISITAR:** o lavadoiro de Artes (Artes), o lavadoiro de San Roque (Parque Periurbano de San Roque) e un exclusivo lavadoiro á beira do mar... o lavadoiro de Penisqueira (Aguiño).

### UN LAVADOIRO CON PREMIO... O LAVADOIRO DE ARTES

Obra de recuperación realizada polo arquitecto Carlos Seoane.

★ 2021. Bienal Española de Arquitectura e Urbanismo. Finalista Categoría Arquitectura e Urbanismo.



## PEDRA DA RA E BANCO DO PIÑEIRO

– A EXPRESIÓN DO GENIUS LOCI

A Pedra da Ra e o Banco do Piñeiro, son dous escenarios que converten a arquitectura nun sutil marco da espectacular paisaxe que ofrece este lugar. Así é o resultado da intervención do arquitecto Carlos Seoane: unha proxección poética na que a sofisticación e delicadeza son notorias en cada elemento.

A arquitectura parte do respecto cara ao monumento e nace coa idea de conservar unha paisaxe natural con raíces culturais propoñendo unha actualización estética en simbiose coa contorna como expresión do Genius Loci.

Desta forma, a obra non altera, polo menos substancialmente, a paisaxe existente. A través duns determinados mecanismos de integración, a arquitectura renuncia a ser protagonista e acomódase á paisaxe.



“Na mitoloxía romana, o Genius Loci era un espírito protector que custodiaba os lugares e mantiña a harmonía do espazo”.

**A gran vista do Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán.**

*“Que din os rumorosos? É a frase que encabeza a panorámica do Parque Natural dende o Banco do Piñeiro e a frase coa que empeza o himno de Galicia, baseado no poema de Eduardo Pondal “Os Piñeiros”.*

*Os rumorosos piñeiros lémbrennos que Galicia é o berce de Breogán, o lendario rei galaico que nos legou as nosas orixes celtas. No cumio do monte da Cidá, podes ver parte deste legado con máis de 2 500 anos de antigüidade... o Castro da Cidá.*

*A Pedra da Ra e o Banco do Piñeiro conforman un conxunto patrimonial singular de gran valor identitario para Galicia.*

*“Algunhas paisaxes son un enigma; outras, unha explicación”.*  
— Fabrizio Caramagna.

### PREMIOS PEDRA DA RA

★ **2018:** Premio Lledó Arquitectura Ibérica 2018, Primeiro Premio Categoría Espazo Público. Miradoiro Pedra da Ra.

★ **2016:** Premio FAD. Primeiro premio Categoría Cidade e Paisaxe. Miradoiro Pedra da Ra.

★ **2016:** Premio COAG XVII. Primeiro Premio. Categoría Deseño Urbano. Pedra da Ra.

### PREMIOS O BANCO DO PIÑEIRO

★ **2021.** Bienal Española de Arquitectura e Urbanismo. Premio. O Banco do Piñeiro.




## PUNTA COUSO

– MITOS PETRIFICADOS, GRANDES SERES MITOLÓXICOS TRANSFORMADOS EN PEDRA!

Couso é un espazo dun gran valor xeolóxico polo que podes pasear.

As formacións rochosas esculpidas polo paso do tempo fálannos de ousados seres mitolóxicos petrificados que aparecen nas lendas de Ribeira.

→ Se te animas a visitar o lugar, non deixes de ler a sección de mitos e lendas desta guía... concretamente, a lenda de “O home de Sagres”.



## CASTIÑEIRAS

– UNHA RELAXANTE POSTAL DA RÍA DE AROUSA E DO PARQUE NACIONAL

Castiñeiras é unha das nove parroquias de Ribeira que non te vai deixar indiferente. A súa xente, as vistas, o paseo e as tabernas a pé de mar son a mellor combinación para falar de lugares auténticos!



## MIRADOR DE OS CASTELOS

– VISTA 360

Situado nun pequeno promontorio granítico, este miradoiro ofrécete unha panorámica 360 dos dous espazos naturais protexidos de Ribeira: o Parque Nacional Marítimo- Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e o Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán.





## AS LONXAS

— OS BROKERS DO MAR

A lonxa de Ribeira é unha das máis importantes de España en pesca de baixura. Os barcos saen a pescar a diario e traen a porto especies como a sardiña, o xurelo, a cabala, o bocarte, pescada, rape, galo, pinto, robaliza... e mariscos como a navalla, ameixa, centola, nécora, entre outros.

E unha vez no porto... empeza o xogo!

Todo o peixe e marisco que acaba de chegar a porto vai á poxa diaria e distribúese por todo o territorio nacional e internacional.

**Visitas guiadas á lonxa de Ribeira** con reserva previa no 881 076 880.

A lonxa de Aguiño está especializada en percebe, ourizo de mar e navalla.

### ¡Un paseo moi recomendado!

*“Cada paisaxe ten a súa historia; esa que lemos, esa que soñamos, esa que creamos”.*

— Michael Kennedy



## O CARREIRO DE AGUIÑO

— FRONTEIRA ENTRE A RÍA DE AROUSA E O OCÉANO ATLÁNTICO

Así como a ría de Arousa é a fronteira natural entre a provincia da Coruña e Pontevedra, O Carreiro de Aguiño é unha fronteira natural insalvable... un conxunto de illotes unidos por un pequeno paseo, que separan as augas da ría de Arousa e o océano Atlántico.



## PASEO LITORAL DE RIBERIA

— NON TE CANSARÁS DE FACER CLIC COA TÚA CÁMARA

Doce quilómetros de paseo que bordean a costa de Ribeira e que podes percorrer por tramos ou enteiro... ao teu gusto! As mellores postais da ría de Arousa están aseguradas

→ Máis información na sección “Carreiros” páx. 16.

# MUSEALÍZATE!

## AS CATRO GRANDES TEMÁTICAS EXPOSITIVAS DE RIBEIRA: ARTE, ETNOGRAFÍA, ARQUEOLOXÍA E NATUREZA

Existen 5 museos/centros de interpretación de obrigada visita que che darán as claves para entender o que hoxe en día é Ribeira.



## CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS ECOSISTEMAS LITORAIS DE GALICIA (CIELGA)

O centro por excelencia do Parque Natural do complexo dunar de Corrubedo e lagoas de Carregal e Vixán. Descubre os ecosistemas litorais de Galicia!

Vaste sorprenderte!





## FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL

Súper interesante e de visita obrigada... Sabías que a colección deste museo mostra firmas tan importantes como Goya, Dalí, Laxeiro, Picasso, Rubens, Van Dick ou Nóvoa?

Non o perdas!



## MUSEO ETNOGRÁFICO DE ARTES

A súa exposición recolle os usos e costumes de Ribeira e a súa comarca.

Un tesouro etnográfico!



## SALA MUSEO MUNICIPAL DE RIBEIRA

Un plan perfecto para penetrar na historia da cidade e da súa ría, cun peso especial para a riqueza arqueolóxica da comarca, a diversidade de especies e a importancia da industria relacionada co mar. Animáste?



## CENTRO DE INTERPRETACIÓN ARQUEOLÓXICA DO PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE.

Cóntoche un conto? Coñece a prehistoria dunha forma divertida.

# EVENTOS E GASTRONOMÍA

**A GASTRONOMÍA DE RIBEIRA SABE A MAR!**

Sendo o porto de baixura máis importante de Europa, Ribeira dispensa en terra todo o que o mar ofrece.

**Se non queres perder o sabor de Ribeira, animámoste a probar...**



No **Mercado Municipal de Ribeira** terás todos os mellores ingredientes para unha boa caldeirada



**PARA + INFO**

Podes visitar  
[www.axendabarbanza.gal](http://www.axendabarbanza.gal)





## EVENTOS GASTRONÓMICOS

Como non podía ser doutra maneira o polbo e o percebe teñen días de celebración.



### FESTA DO PERCEBE DE AGUIÑO

En Aguiño, a finais de xullo e principios de agosto celébrase a **Festa do Percebe** (Festa de Interese Turístico de Galicia).



### FESTA DO PULPO

En Palmeira, a **Festa do Polbo** despide o verán cunha romaría.



### GASTROMAR

No mes de agosto tes unha cita co produto procedente da pesca de baixura de Ribeira



## DE VIÑOS E VERMÚ

**POLO CENTRO DE RIBEIRA E OS SEUS PORTOS MÁIS ENTRAÑABLES:**

- Porto de Corrubedo
- Porto de Aguiño
- Porto de Castiñeiras
- Porto de Palmeira

**SE QUERES VER TODO O QUE OS NÓS PESCADORES TRAEN Á TERRA... PODES VISITAR**



### A LONXA DE AGUIÑO

Especializada en percebe, ourizo de mar, ameixa e navalla.

☎ 981 84 0151



### A LONXA DE RIBEIRA

Unha das máis importantes de España.

Reserva a túa visita turística guiada en:

☎ 881 07 68 80



## RITMO E TAPEO

**RÚAS MUSICAIS:** percorre ao ritmo da música a contorna de Ribeira. Vaiche encantar! celébrase durante todo o ano.

Consulta as datas en:

☎ +34 686 58 70 00

🌐 [axendabarbanza.gal](http://axendabarbanza.gal)

**ROTEIRO DE TAPAS:** no mes de novembro celébrase o Roteiro de Tapas **"Barbanza Arousa + Que tapas"**.

Un plan perfecto!

🌐 [axendabarbanza.gal](http://axendabarbanza.gal)



# O QUE NON PODES PERDER

- EXPERIENCIAS TOP -



## PARA + INFO

Podes visitar  
[www.axendabarbanza.gal](http://www.axendabarbanza.gal)



## PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE

Nesta simbiosis de cultura e natureza descubrirás un museo ao aire libre sobre a prehistoria e ademais, podes aventurarte a soltar adrenalina no parque de altura de árbores.

Reserva a túa visita e consulta dispoñibilidade de visitas guiadas e o parque de altura no:

☎ 686 58 70 00



## FESTA DE INTERÉS TURÍSTICO DE GALICIA

### FESTA DA DORNA

Dende 1948 esta festa establécese como unha cita popular inescusable sendo o día grande o **24 de Xullo**.

🌐 [www.festadadorna.com](http://www.festadadorna.com)



## FESTIVAIS

### PAISAXES SONORAS:

No mes de agosto celébrase en toda a comarca do Barbanza un festival musical de pequeno formato en lugares increíbles.



## MERCADOS SINGULARES E FEIRAS

1

### ARTEMAR

Feira artesanal e mariñeira: unha experiencia mostra a tradición mariñeira da cidade con diferentes postos de artesanía e produtos do mar. Mes de agosto.

#### +INFO

🌐 <https://axendabarbanza.gal/Inicio>

2

### VIAMARE STOCK

Un mercado outlet a pé de rúa no que podes atopar dende moda e complementos ata deportes, puericultura, estética e agasallos. Mes de agosto.

#### +INFO

🌐 <http://viamare.es/>

3

### MERCADILLO SEMANAL

Todos os sábados na explanada do peirao de Ribeira celébrase o mercado de rúa semanal de 9.00 a 14.00h. Podes atopar todo tipo de produtos (moda, alimentación, artesanía, flores, decoración, ferraxería...).





# Cápsulas do tempo

# MITOLOXÍA

## Conta a lenda ...

“Un mito non se inventa, senón que se conta como un saber acreditado. Xa estaba antes; como unha crenza, como un enigma, como lección de sabedoría, unha reliquia das historias da tribo”.

— Carlos García Agual. El País.

Os mitos e lendas son narracións transmitidas de forma oral e para que coñezas as máis memorables de Ribeira, aquí che presentamos unha compilación das máis populares:



## UNHA TERRA DE XIGANTES

Na aldea de Vixán, lugar onde se atopa a espectacular lagoa de Vixán, dise que habitaba un xigante que ameazaba os veciños con destruír as súas casas e as súas colleitas. Medorentos deste desafío, toda a veciñanza decidiu facer unha gran comida cunha substancia soporífera e leváronlla como agasallo. Cando caeu durmido, enterrárono pero deixaron ao descuberto un puño e un pé que se converteron en pedras. Hoxe en día, estas pedras coñecidas como “O Puño” e “O Pé” rememoran a historia desta fazaña.

Carlos Lixó. *Carreira e os seus vestixios do pasado*. Conferencia Internacional da Tradición Oral.



## VALVERDE, A ATLÁNTIDA DE RIBEIRA

Como todos os grandes mitos da humanidade que narran actuacións paradigmáticas de seres extraordinarios nun tempo prestixioso e afastado, e axudan á comprensión do mundo e da condición humana, a lendaria cidade de Valverde sepultada baixo a duna, subsiste con varias versións enfocadas no imaxinario colectivo que ofrecen diferentes interpretacións deste singular lugar.

**VERSIÓN O BRAMIDO DUN MOURO ENFEITIZADO**

Conta a lenda que un mouro malferido chega á cidade de Valverde e é atendido pola filla do xefe do poboado. O Mouro namórase dela e pídelle a súa man ao pai pero este négalla.

O Mouro enfádase e sobe ao monte da Cidá para enfeitizar desde as alturas a cidade de Valverde, anunciando que todos os ríos asolaguen a cidade. Cando o xefe do poboado se decata do que pretende o Mouro, monta no seu cabalo branco e cando chega ao monte da Cidá atópase co Mouro convertido nun feroz boi.

Enceréllanse nunha loita bárbara pero o xefe do poboado é capaz de encamiñalo de volta cara á cidade que estaba a ser asolagada. O boi querendo fuxir, bramaba mentres ía afogando ata que finalmente desaparece.

Contan que en noites especiais como a de San Xoán, na lagoa de Carregal pódense ver unhas burbullas que saen do fondo acompañadas por un son moi parecido ao bramido dun boi.

## VERSIÓN A VIRXE DA GUÍA

Contan que onde hoxe se atopa a duna existía unha cidade moi rica e próspera chamada Valverde. As súas construcións eran moi luxosas e a xente vivía con moita ostentación. Un día de frío en pleno inverno apareceu unha muller vestida con farrapos levando un bebé nos seus brazos pedindo piedade e esmola. A xente de Valverde non só non lle deu nada senón que se burlaban e ríanse dela. Despois de chamar á porta na última casa sen resposta, esta muller saíu da cidade. Mentres se afastaba de Valverde, o mar empezou a crecer ata que asolagou a cidade, cubrindo os campos e sepultando as construcións baixo a area que arrastraba.

A muller seguiu camiñando ata Carreira, unha pequena aldea de casas moi pobres. Chamou á primeira casa que atopou, a máis pobre de todas, e unha velliña abriulle a porta convidándoa a entrar na súa humilde morada. Esta velliña acolleu a muller e o seu bebé e ofreceulles todo canto tiña; acendeu o lume coa pouca leña que quedaba; preparoulles leite e os últimos ovos que había na súa despensa e cun pouco de palla preparoulles unha cama para descansar.

Pola mañá cando a velliña foi ver como estaban sorprendeuse de non ver nin rastro da pobre muller e do seu bebé. Mirou por toda a casa e cando saíu ao curral non podía crer o que alí había...

Tiña tantas galiñas como pallas había na cama que lles preparaba a noite anterior e tantas vacas coma tizóns quedaran no lume!

Decatouse do milagre e da súa facedora... esta pobre muller era a Virxe.

Sen dilación, decidiu vender as vacas e as galiñas e cos cartos que conseguiu construíu unha capela na honra da Virxe no lugar onde tiña a súa casa.

Aos poucos días un mariñeiro foi sorprendido por un gran temporal no medio do mar. Mentres trataba de

salvarse exclamou: – “*Virxe querida, guía a miña dorna ao porto de Abaixo*”.

Cando conseguiu chegar a porto, ao varar, viu unha peza de madeira dando voltas entre as ondas e colleuna. Ao tela entre as mans puido comprobar que era a imaxe da Virxe co seu neno nun brazo e un barco no outro. Así decidiu levarlla á velliña de Carreira dicíndolle que xa tiña Virxe para a súa capela. Cando lla entregou díxolle:

“*Esta Virxe que nos guiou ha de chamarse Virxe da Guía*” e desde daquela, a Virxe da Guía sempre acompaña os mariñeiros.



## O GRAN HOME DE SAGRES

O arquipélago de Sálvora, no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, é un conglomerado de illas e illotes pedregosos de formas curiosas, rodeados de pedras que destapa a marea, baixos e arrecifes que provocaron centos de naufraxios. Especialmente complicado é o espazo que o separa da súa costa máis próxima, a de Aguiño (Ribeira, A Coruña).

Aquí atópase a mítica canle de Sagres, e aquí se sitúa a lenda do Home de Sagres, que explica o porqué dos nomes de todas esas pedras que sinalan as cartas náuticas, e trasládanos a un tempo anterior á romanización, cando en Galicia vivía a tribo dos oestromnios, e os pobos celtas estendíanse en ondas polo Sur de Europa.

Conta a lenda que todo aquel que ousaba ameazar os oestrimnios era obxecto dun encantamento e convertíase en pedra, e que o rei da tribo

Cancioneiro popular:

“*Guía, agradecidos os carreirenses gárdanche rodeada,*

*Guía de amor profundo, nunha aldea pola túa luz guiada*”.

Carlos Lixó. *Carreira e os seus vestixios do pasado*. Conferencia Internacional da Tradición Oral.

## VERSIÓN A PENA DO APÓSTOLO SANTIAGO

Pero hai quen fala da presenza de Santiago Apóstolo no momento do

cataclismo e que ao ver o que sucedía dixo:

“*Non quero ver tal*”. Unha frase que fixo que a un dos lugares da parroquia de Olveira se lle chamase Bretal.

celta dos saefes, desexoso de invadir os dominios dos primeiros poboadores de Galicia, quixo eludir o encantamento cunha artimaña: o seu matrimonio con Forcadiña, a filla do rei dos oestrimnios. Desa relación naceu Noro.

Pero, cousas da vida, o malévolo plan foi descuberto e produciuse o encantamento: o rei dos guerreiros saefes quedou petrificado, coa súa lingua partida en sete anacos, e a mandíbula e as moas espaxadas polos arredores. O rei saefe é, exactamente, o Home de Sagres, unha pedra con forma humana que se atopa na illa de Sagres. E a súa lingua, o illote Setelinguas. Ao oeste de Punta Falcoeiro, as pedras Conles Queixada son a súa mandíbula desfeita, e as pedras Moas, as súas moas, que en marea baixa ven fronte a Setelinguas, no paseo do Carreiro.

Forcadiña (fronte a Punta Couso) e Noro (illote fronte á illa de Sálvora) foron tamén obxecto do encantamento e repousan entre outras moitas pedras que son os restos das embarcacións e o exército dos invasores saefes.

Pero existe unha versión máis completa, segundo a cal as pedras máis famosas –Setelinguas, Conles Queixada e Moas–, non pertencerían ao rei saefe, senón á propia Forcadiña.

Estoutra versión da lenda do Home de Sagres aparece recollida no libro “Antiga dorna polbeira de Castiñeiras”, de Juan Pérez Martínez, “Xandomar”, un mariñeiro xubilado de Ribeira, e conta que o rei dos saefes, que casou

con Forcadiña coa finalidade oculta de facerse coas terras dos oestrimnios, vía como pasaba o tempo sen lograr o seu propósito.

Saepes ou Sephes –así se chamaba, en alusión ao tótem da súa tribo, a serpe–, arremete entón contra Forcadiña. Maltrátaa de tal maneira que a súa lingua salta partida en sete anacos (Setelinguas); a mandíbula (Queixada) vai dar a Punta Falcoeiro; os cairos (os Canteiros) caen polo Suroeste de O Pragueiro; a cabeza (A Testa) vai parar a Area Mesa (canle entre Sálvora e Vionta); as moas (Moas) ao Carreiro e os peitos da Forcadiña (A Dianteira) caen entre O Pragueiro e a illa de Sagres.

Ao ver o sucedido, o pai de Forcadiña bótalle unha terrible maldición a Saepes e queda petrificado na illa de Sagres (Home de Sagres). A maldición esténdese ao seu exército, a Forcadiña, a Noro, e mesmo aos animais do poboado, todos convertidos nas pedras de rechamantes e caprichosas formas que poboan o arquipélago de Sálvora: o Porco, na illa de Sagres; o Cabalo de Insua Vela, entre Sálvora e Sagres; o Cabalo de Forcadiña, na Forcadiña, ou o Galo de Vionta.

Antonio Ceniza Alfonso





## O AMOR DO MAR, A SEREA DA ISLA DE SÁLVORA

A lenda fálanos de Roldán, heroe de guerra sobriño do emperador Carlomagno e personaxe do famoso poema épico “A Chansón de Roland”,

quen sobrevivente da batalla de Roncesvalles viñera recuperarse das súas feridas a Sálvora. Unha mañá paseando no seu cabalo divisou de lonxe, na praia, o corpo dunha muller. Ao achegarse observou con sorpresa que se trataba dun ser que carecía de pernas e no seu lugar aparecía unha cola de peixe. Tal foi a súa impresión que quedou namorado dela. Cando lle preguntou o seu nome, a serea non puido contestar: era muda, e Roldán decidiu bautizala co nome de Mariña en referencia á súa procedencia mariña.

O amor da parella era tanto que se obrou un misterio, a serea tornou en muller. O cabaleiro fora quitándolle as escamas paseniño ata que desapareceu a cola, e ao pouco ela quedou embarazada, dando a luz un

fermoso fillo de ollos azuis que lle poñerían de nome, Mariño.

Conta a lenda que unha noite de San Xoán, Roldán coa xente toda da illa celebraban a festa ao redor dunha fogueira. Para cumprir coa tradición o cabaleiro colleu o seu fillo en brazos e dispúxose a saltala.

Mariña, que descoñecía ese costume, ao ver o seu home dirixirse co neno á fogueira, pensou que Roldán perdera a razón e quería desfacerse do seu herdeiro. Desesperada quería chamar por el. Nese intre da súa gorxa saíu un anaco de carne que atragoaba a súa voz e berrou: FILLO! Dende daquela Mariña puido falar e a felicidade da parella foi plena con moitos anos de amor que deron que orixe á liñaxe dos Mariño, antigos habitantes da

illa que deixaron a súa pegada na construción do magnífico pazo que se ve desde o peirao.

Anos despois e coa morte de Roldán a serea volveu ao mar, pero antes lanzou unha advertencia:

Cada xeración descendente do seu fillo, debía renunciar a un dos seus fillos e entregarllo a ela no mar. Por suposto, o neno debería ter os ollos azuis. A partir de aquí mestúrase a lenda con historias locais, e fábase por exemplo de persoas de ollos azuis, de apelido Mariño desaparecidas no mar por esta zona da costa. Outras historias din que algunhas gaivotas que teñen os ollos azuis son reencarnacións de desaparecidos...

Jose Maria Rey Goris



## PEDRA DE SANTIAGUÍNO: A PEGADA DO APOSTOLO

Esta pedra é o vestixio da lenda da pegada do cabalo branco do Apóstolo Santiago que rememora cando este pediu, despois da posta de sol, unha hora máis de día para poder derrotar

os inimigos. Por iso, despois do atardecer, aínda hai unha hora máis de luz.

Pero tamén hai quen se refire a cando as tropas de Carlomagno estaban a loitar contra os mouros e logran acurralalos na zona de Corrubedo. Nese momento estaba a facerse de noite e medorentos de que fuxisen piden inspiración divina ao Apóstolo Santiago que acode na súa axuda aparecendo no alto do Monte da Cidá (onde hoxe se atopa o Castro da Cidá). Desde aquí e montado no seu cabalo, o Apóstolo dá dous saltos deixando unha pegada na pedra do Canle (na lagoa de Carregal) e outra pegada na pedra de Santiaguíno, onde queda gravada a pegada do casco do cabalo.

## GLOSARIO

### MOURO

Ser mitolóxico con poderes máxicos asociados aos monumentos megalíticos que se agochan no subsolo. Mantíñanse ocultos salvo en dous momentos do día, ao amencer e á noite. Pero había unha data na que se mesturaban co pobo e esa era no solsticio de verán, a noite de San Xoán.

### MOURA

Aínda que comparten nome son criaturas ben diferentes aos mouros. De aspecto coidado, pel branca e ollos azuis portando sempre obxectos de ouro, son as gardiás dos lugares sacros coma fontes, pontes, ríos, pozos, covas, dolmens ou antigas construcións. Din que é un ser de gran beleza cun gran poder de sedución, que cando aparecen cantan mentres peitean con peites de ouro os seus longos cabelos dourados ou negros como a noite. Prometen tesouros e grandes riquezas a quen rompa o seu feitizo. Se alguén as ve encantarase coa súa sedución e se logra namorala o feitizo desaparecerá e a moura entregaralle o seu tesouro e moita sorte para sempre.

### OESTRIMNIOS... ¿QUIENES ERAN?

Din que os oestrimnios foron os primeiros poboadores de Ribeira... segundo contan, era unha sociedade igualitaria cunha gran devoción pola natureza.

Oestrimnios (de "Extremo Occidente") é un nome dado na antigüidade aos habitantes do territorio do que hoxe son Galicia e Portugal, dende unha perspectiva do Mediterráneo. Os seus habitantes chamábanse oestrimni pola súa localización.

O poeta romano de temas xeográficos do século IV a. C., Rufus AvienusFestus, no seu Ora Maritima ("costa marítima"), un poema inspirado en Periplo (un antigo mariño grego) rexistrou que Oestriminis estaba habitada polos oestrimni, un pobo que vivira alí durante moito tempo, e que tiveron que fuxir da súa terra natal despois dunha invasión de serpes. Crese que en realidade estas serpes foron os celtas “saefes” que tiñan os réptiles por animal totémico.

### CELTAS - CULTURA CASTREXA

Pobo comerciante, guerreiro e arraigado á espiritualidade. Trátase dun pobo protohistórico, é dicir, un pobo que non posuía un sistema desenvolvido de escritura.

Segundo os indicios arqueolóxicos, sábese que nun principio os celtas viviron baixo unha organización xerárquica, aristocrática cunha importante fortuna procedente do comercio de especias, minerais e metais, sal, estaño e ámbar cos pobos do Mediterráneo. Aos poucos a organización social foi cambiando dando lugar a novas comunidades rexidas por xefes locais. Este cambio tamén trouxo aparelado un cambio “urbanístico”. Trátase da aparición dos oppida (oppidum en singular). Un oppidum era un territorio fortificado, xeralmente no alto dun outeiro para poder observar todo o territorio ao seu arredor. Estes oppida, eran un modo de defenderse ou de mostrar estado?

O que se intúe é unha procura de protección, probablemente provocada por un aumento das hostilidades entre diferentes tribos. Os textos deixados polos romanos, incluíndo a Xulio César, cóntannos como entre os diferentes pobos celtas non había cooperación, máis ben todo o contrario. Pero ao mesmo tempo, os oppida eran terreos en altitude visibles desde longas distancias, o que tamén podería implicar unha procura de ostentación e de mostra de poder.

Os celtas tamén desenvolveron un tipo de arte inconfundible baseado en formas xeométricas, curvilíneas

e de volumes circulares, moitas veces de inspiración vexetal. O patrón máis coñecido é o tríscele, que portaba talvez un significado divino. O elemento de ourivaría máis característico é o torque, unha especie de colar ríxido feito xeralmente de bronce ou de ouro e que todo xefe celta portaba.

Os celtas eran guerreiros, e se nos guiamos polo que os gregos e os romanos nos legaron, eran guerreiros temibles. O ataque por parte dos celtas a Roma preto do 390 a.C. foi o único que sufriu a cidade en case 700 anos. Segundo Xulio César, as tácticas de guerra dos celtas eran simples pero eficaces. Loitaban con espadas e lanzas, e cubríanse con cotas de malla, un invento propiamente celta ou ben loitaban espidos.

En canto ás súas crenzas, os celtas non eran monoteístas porque crían en varios deuses. Pero tampouco se pode dicir que fosen politeístas xa que para eles había só unha realidade, unha substancia, unha causa primeira. Esta visión é chamada monismo. Os celtas veneraban a natureza. Adoraban as árbores, quen posuían unha alma. Os druídas eran os encargados dos rituais relixiosos entrando en contacto coa divindade pero tamén se encargaban de vulgar e de declarar cando era propicio empezar unha guerra. A figura

do druída era un piar fundamental para a sociedade celta. É imposible imaxinar un pobo sen un xefe e sen un druída.

### A RODA DO TEMPO CELTA

(A roda do Ano Celta)


O comezo do ano era preto do 1º de novembro, é dicir ao comezo do inverno, o fin do período de claridade sóalles o noso Samain? Vén desta data mítica, Samhain. Ao non pertencer nin ao ano que terminaba nin ao ano que empezaba, esta data situábase fóra do tempo, e era propicia para que o humano puidese entrar en contacto coas divindades. O día tamén comezaba cando caía o sol e a escuridade empezaba a dominar. Na concepción celta do tempo, a escuridade era daquela o principio de todo.

Calendario celta dividido en 8 festividades chamadas Sabbats ou Días de Poder

Coñécella tamén como Roda Wicca.

Catro destas festividades (os Sabbats Menores) se basean nos ciclos astronómicos solares, coñecidos como solsticios e equinoccios, e centran as súas celebracións nos inicios das estacións do ano. Estes Sabbats solares son: lule, Ostara, Litha e Mabon que se corresponden coa entrada do inverno, primavera, verán e outono.

As outras catro festividades (os Sabbats Maiores) son Imbolc, Beltane, Lughnasadh e Samhain, e baséanse en antigas tradicións folclóricas asociadas á sementeira, a colleita, a fertilidade e a morte.







## TURISMO RIBEIRA

[www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal)

Oficina de Turismo Ribeira, Malecón:  
Avda do Malecón s/n. 15960 Ribeira

+34 686 58 70 00

[turismo@ribeira.gal](mailto:turismo@ribeira.gal)

## CONCELLO DE RIBEIRA

[www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal)

Praza do Concello s/n 15960 Ribeira - Galicia  
(España)

981 83 54 17

**EDITA:** Concello de Ribeira

### AGRADECEMENTOS:

José María Rey Goris  
Antonio Riveiro  
Ramón Sampedro  
Jhonny Macinich  
Gonzalo Lages  
Antonio Parada Mariño  
Antonio Ceniza Alfonso  
Xerardo Rodríguez

### ENTIDADES:

Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia  
Mancomunidade de Municipios Barbanza Arousa  
Asociación de Amigos do Camiño do Barbanza A Orixe  
Asociación Cielo Barbanza

### WEBS:

Celtiberia.net  
Cabocorrubedo.com  
Gazeta.gal  
[misteriosleyendasdegaliciayasturias.wordpress.com](http://misteriosleyendasdegaliciayasturias.wordpress.com)

### BIBLIOGRAFÍA:

"Carreira, and the remains of its past". Carlos Lijó  
"Santa Uxía de Riveira. Unha cidade con título". Emilio Rodríguez López  
"Viaxe a Galicia (1745)". Fr. Martín Sarmiento





WWW.RIBEIRA.GAL